



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

XII lexislatura
Número 101
15 de outubro de 2024



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.5. Proposicións de lei de iniciativa popular

Coñecemento das sinaturas e admisión a trámite

I 55197 (11/PPLI-000006)

Comisión Promotora

Proposición de lei de iniciativa popular para o recoñecemento e a protección das actividades pesqueiras e marisqueiras [43060](#)

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 8ª, PESCA E MARISQUEO

Aprobación por unanimidade sen modificacións

I 10686 (12/PNC-001004)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e catro deputados/as máis

Sobre as accións que debe desenvolver o Goberno galego co obxectivo de defender a actividade pesqueira da frota do cerco e da de artes menores [43054](#)

I 11831 (12/PNC-001128)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e López Font, Carlos

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia para que lidere a coordinación co resto dos axentes do sector marisqueiro co obxectivo de abordar os problemas que atravesará esta actividade [43055](#)

Rexeitamento da iniciativa

I 1859 (12/PNC-000225)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Insua Lema, Óscar e Pérez Fernández, Rosana

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para licitar e iniciar a execución das obras do porto mixto de Corcubión no ano 2025 [43055](#)

1.3.6.3. Proposicións non de lei de iniciativa popular

Asignación ao grupo, cualificación e publicación do acordo



I 52 (12/PNL-000001) (12/PNC-001199)

Proposición non de lei de iniciativa popular para a mellora nos centros educativos con medidas anuais en espazos lectivos [43056](#)

1.4. Procedementos de información**1.4.4. Preguntas****1.4.4.3. Preguntas para resposta por escrito****Coñecemento da resposta, remisión aos deputados e publicación****I 12322 - 4249 (12/PRE-000453)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Fernández Gómez, Alexandra

Sobre as medidas para evitar o impacto ambiental na ría de Vigo das verteduras producidas polos estragos das inundacións do 4 de novembro de 2023 no campo de fútbol sintético de Chan da Barcia, en Ponte Caldelas, e as solucións que se están a considerar para que non se repita outro evento destas características [43063](#)

I 12239 - 548 (12/PRE-000755)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Sanz Arias, Cristina e 8 máis

Sobre a valoración dos plans territoriais de sustentabilidade turística en destino [43065](#)

I 12237 - 562 (12/PRE-000758)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Sanz Arias, Cristina e 7 máis

Sobre a valoración do proxecto de rutas ciclistas de longa distancia EuroVelo [43067](#)

I 12235 - 576 (12/PRE-000761)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Sanz Arias, Cristina e 8 máis

Sobre as liñas de actuación do Plan director dos Camiños de Santiago 2022-2027 orientadas ao seu desenvolvemento sustentable [43069](#)

I 12233 - 637 (12/PRE-000773)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Sanz Arias, Cristina e 8 máis

Sobre as novas estratexias de promoción que se encadran nos proxectos futuros da marca turística *España Verde* [43072](#)

I 12326 - 661 (12/PRE-000777)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Sanz Arias, Cristina e 8 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia no que atinxe a plans de formación do Centro Superior de Hostalería de Galicia e á mellora da profesionalización do sector turístico [43075](#)



I 12231 - 670 (12/PRE-000780)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Sanz Arias, Cristina e 8 máis**

Sobre o balance das axudas impulsadas pola Xunta de Galicia destinadas a desenvolver un modelo turístico propio na nosa comunidade

[43078](#)**I 12323 - 4248 (12/PRE-001283)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e Fernández Gómez, Alexandra**

Sobre o problema ambiental e de saúde das verteduras na ría de Vigo producidas polos estragos das inundacións do 4 de novembro de 2023 no campo de fútbol sintético de Chan da Barcia, en Ponte Caldelas

[43081](#)**I 12321 - 4750 (12/PRE-001330)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Iglesias Rey, Patricia e 2 máis**

Sobre as previsións que ten o Goberno galego respecto da asunción en 2024 das recomendacións do Consello de Contas incluídas no informe de fiscalización da Conta Xeral do Sergas de 2022

[43083](#)**I 12238 - 549 (12/PRE-001554)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Sanz Arias, Cristina e 8 máis**

Sobre a valoración, a súa evolución e o grao de execución dos plans territoriais de sustentabilidade turística en destino

[43085](#)**I 12236 - 563 (12/PRE-001557)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Sanz Arias, Cristina e 7 máis**

Sobre o proxecto europeo de rutas ciclistas de longa distancia EuroVelo, así como os obxectivos, orzamentos e as liñas de actuación que están en marcha ao abeiro deste proxecto

[43087](#)**I 12234 - 577 (12/PRE-001560)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Sanz Arias, Cristina e 8 máis**

Sobre as liñas de actuación do Plan director dos Camiños de Santiago 2022-2027 orientadas ao seu desenvolvemento sustentable

[43089](#)**I 12232 - 638 (12/PRE-001571)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Sanz Arias, Cristina e 8 máis**

Sobre as novas estratexias de promoción que se encadran nos proxectos futuros da marca turística "España Verde"

[43092](#)**I 12325 - 664 (12/PRE-001576)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Sanz Arias, Cristina e 8 máis**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia no que atinxe a plans de formación do Centro Superior de Hostalería de Galicia e á mellora da profesionalización do sector turístico [43095](#)

I 12230 - 671 (12/PRE-001578)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Sanz Arias, Cristina e 8 máis

Sobre o balance das axudas impulsadas pola Xunta de Galicia destinadas a desenvolver un modelo turístico propio e as medidas previstas para 2024 [43098](#)

I 12324 - 4247 (12/PRE-002064)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Fernández Gómez, Alexandra

Sobre as medidas para evitar o impacto ambiental na ría de Vigo das verteduras producidas polos estragos das inundacións do 4 de novembro de 2023 no campo de fútbol sintético de Chan da Barcia, en Ponte Caldelas, e as solucións que se están a considerar para que non se repita outro evento destas características [43101](#)

I 12320 - 4752 (12/PRE-002115)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre as previsións que ten o Goberno galego respecto da asunción en 2024 das recomendacións do Consello de Contas incluídas no informe de fiscalización da Conta Xeral do Sergas de 2022 [43103](#)

I 12319 - 7333 (12/PRE-002329)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos

Sobre a mellora das catro liñas de transporte de autobús que a Xunta de Galicia contratou con Monibus no concello de Pontevedra [43105](#)

I 12063 - 9267 (12/PRE-002393)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e Rodil Fernández, Olalla

Sobre as distintas alternativas de conciliación dispoñibles para as familias en época estival e as medidas que prevé adoptar a Xunta de Galicia co fin de aumentar a capacidade e as modalidades destes servizos e prestacións [43107](#)

I 12062 - 9468 (12/PRE-002403)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre a resposta dada pola Xunta de Galicia ás peticións formuladas polo Comité de Empresa do Centro de Menores Monteledo e as previsións que ten no que atinxe á mellora das súas instalacións e da súa xestión [43109](#)

I 12061 - 9968 (12/PRE-002419)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón Tomás e 3 máis



Sobre os recursos de que dispón o alumnado de etapas postobligatorias dos concellos de Moeche, San Sadurniño e Narón en materia de transporte público para asistir aos seus centros de ensino

[43112](#)

I 12318 - 10189 (12/PRE-002428)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos

Sobre o incremento do canon de Sogama e as súas consecuencias, a procura dun consenso coa Fegamp para 2025 mediante unha comisión de traballo e a modificación do modelo de xestión de residuos

[43114](#)

I 12317 - 11115 (12/PRE-002522)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos

Sobre a repercusión do incremento do canon de Sogama, as políticas previstas polo Goberno galego en materia de residuos urbanos e o impulso da redución e reciclaxe

[43116](#)



1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.5. Proposicións de lei de iniciativa popular

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 17 de xullo de 2024, adoptou o seguinte acordo:

Coñecemento das sinaturas e admisión a trámite

- 55197 (11/PPLI-000006)

Comisión Promotora

Proposición de lei de iniciativa popular para o recoñecemento e a protección das actividades pesqueiras e marisqueiras

BOPG nº 532, do 27.07.2023

A Mesa toma coñecemento do escrito da Xunta Electoral de Galicia polo que acredita como válidas 17.838 sinaturas e verifica que se superan o número mínimo de sinaturas esixido no artigo 2 da Lei 7/2015, do 7 de agosto, de iniciativa lexislativa popular e participación cidadá no Parlamento de Galicia, e acorda:

1º. Admitir a trámite a Proposición de lei de iniciativa lexislativa popular para o recoñecemento e protección das actividades pesqueiras e marisqueiras.

2º. Dispoñer o seu traslado á Xunta de Galicia para que manifieste o seu criterio e a súa conformidade respecto da súa tramitación nos termos previstos no artigo 123.2 do Regulamento e para que emita o informe previsto no artigo 22 da Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.

3º. Notificar este acordo á Comisión Promotora e á Xunta Electoral de Galicia

4º. Publicar este acordo e o texto da proposición de lei no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 19 de xullo de 2024

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 8ª, PESCA E MARISQUEO

A Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo, na súa sesión do 15 de outubro de 2024, adoptou os seguintes acordos:



Aprobación por unanimidade sen modificacións

- 10686 (12/PNC-001004)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e catro deputados/as máis

Sobre as accións que debe desenvolver o Goberno galego co obxectivo de defender a actividade pesqueira da frota do cerco e da de artes menores

BOPG nº 88f1, do 20.09.2024

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 16 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O parlamento galego insta o Goberno galego a:

Despregar todas as accións precisas diante do Goberno estatal e da UE para evitar o amarre da frota do cerco galego e o impacto negativo na frota de artes menores diante da falta de cota de sardiña.

Levar a cabo e colaborar coa Administración estatal na realización dos estudos que determinen a situación real dos stocks de sardiña, xurelo, xarda e bocarte para un establecemento acorde dos TAC en cada caso e que permitan a planificación do sector e a súa viabilidade a longo prazo.

Desenvolver, de acordo co sector, medidas que poñan en valor a calidade dos produtos pesqueiros galegos e permitan manter uns prezos rendibles en orixe aos seus produtores.

Exixir do Goberno do Estado español:

O pagamento inmediato aos afectados das axudas de 2023 polo paro biolóxico do xurelo.

A realización de estudos para determinar a situación real dos stocks de sardiña, xurelo, xarda e bocarte que permitan establecer os TAC que corresponda en cada caso e que permitan a planificación do sector e a súa viabilidade a longo prazo.

Intensificar as negociacións co Estado portugués co obxectivo de conseguir cota mediante intercambios, tal e como viña ocorrendo ata o de agora.

A negociación dunha repartición equitativa da cota da sardiña entre os estados portugués e español, tendo en conta de cara ao novo acordo bilateral o número de buques e de tripulantes de cada un deles.

A culminación por parte dos dous estados da revisión da regra de explotación do plan de xestión da sardiña, de xeito que permita aumentar as posibilidades de pesca para 2025.

Unha nova distribución da cota de sardiña, equilibrada e xusta entre as distintas zonas, tendo en conta o número de barcos e de tripulantes en cada caso e que permita eliminar o perverso sistema de transferencia/venda do ben público que constitúen os recursos pesqueiros entre elas.



Convocar de inmediato a bolsa común da sardiña, de xeito que se evite a especulación a través da venda de cotas e se facilite a chegada do excedente a todos os buques que a necesiten.

Demandar da UE, de cara á negociación de cotas para 2025 no vindeiro mes de decembro, o cumprimento da sentenza do 11 de xaneiro do 2024, do Tribunal de Xustiza da UE, para que se atendan, ademais das medioambientais, as cuestión sociais e económicas á hora da fixación das cotas das distintas especies.»

- 11831 (12/PNC-001128)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e López Font, Carlos

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia para que lidere a coordinación co resto dos axentes do sector marisqueiro co obxectivo de abordar os problemas que atravesa esta actividade

BOPG nº 95f1, do 02.10.2024

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 16 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a exercer as súas competencias exclusivas na xestión do marisqueo en Galicia abrindo canles efectivas de diálogo entre todos os axentes do sector, dando voz na xestión dos bancos marisqueos aos representantes da actividade extractiva do marisqueo a pé ou en embarcación, como sector afectado pola actividade marisqueira, e lidere a coordinación co resto dos axentes implicados na actividade económica do marisqueo en Galicia.»

Rexeitamento da iniciativa

- 1859 (12/PNC-000225)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Insua Lema, Óscar e Pérez Fernández, Rosana

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para licitar e iniciar a execución das obras do porto mixto de Corcubión no ano 2025

BOPG nº 16f2, do 24.04.2024

Sométese a votación e resulta rexeitada por 7 votos a favor, 9 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 15 de outubro de 2024

María Montserrat Prado Cores

Vicepresidenta 2ª

1.3.6.3. Proposicións non de lei de iniciativa popular

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 7 de outubro de 2024, adoptou os seguintes acordos:



Asignación ao grupo, cualificación e publicación do acordo

- 52 (12/PNL-000001) (12/PNC-001199)

Proposición non de lei de iniciativa popular para a mellora nos centros educativos con medidas anuais en espazos lectivos

BOPG nº 634, do 15.03.2024

A Mesa toma coñecemento do escrito do G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 12339) polo que solicita asumir a iniciativa como propia e convertela en proposición non de lei en comisión, e acorda:

1º. Asignar a proposición non de lei ao G. P. dos Socialistas de Galicia.

2º. Cualificala como proposición non de lei ante a Comisión 4ª, Educación e Cultura.

3º. Publicar o acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*

4º. Comunicar o acordo aos promotores da iniciativa.

Santiago de Compostela, 15 de outubro de 2024

María Elena Candia López

Vicepresidenta 1ª

1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.3. Preguntas para resposta por escrito

A Mesa do Parlamento, na súa reunión do día 7 de outubro de 2024, tivo coñecemento das respostas da Xunta de Galicia ás seguintes preguntas con resposta escrita:

Coñecemento da resposta, remisión aos deputados e publicación

- 12322 - 4249 (12/PRE-000453)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Fernández Gómez, Alexandra

Sobre as medidas para evitar o impacto ambiental na ría de Vigo das verteduras producidas polos estragos das inundacións do 4 de novembro de 2023 no campo de fútbol sintético de Chan da Barcia, en Ponte Caldelas, e as solucións que se están a considerar para que non se repita outro evento destas características

- 12239 - 548 (12/PRE-000755)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Sanz Arias, Cristina e 8 máis

Sobre a valoración dos plans territoriais de sustentabilidade turística en destino

- 12237 - 562 (12/PRE-000758)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia



Sanz Arias, Cristina e 7 máis

Sobre a valoración do proxecto de rutas ciclistas de longa distancia EuroVelo

- 12235 - 576 (12/PRE-000761)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Sanz Arias, Cristina e 8 máis

Sobre as liñas de actuación do Plan director dos Camiños de Santiago 2022-2027 orientadas ao seu desenvolvemento sustentable

- 12233 - 637 (12/PRE-000773)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Sanz Arias, Cristina e 8 máis

Sobre as novas estratexias de promoción que se encadran nos proxectos futuros da marca turística *España Verde*

- 12326 - 661 (12/PRE-000777)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Sanz Arias, Cristina e 8 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia no que atinxe a plans de formación do Centro Superior de Hostalería de Galicia e á mellora da profesionalización do sector turístico

- 12231 - 670 (12/PRE-000780)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Sanz Arias, Cristina e 8 máis

Sobre o balance das axudas impulsadas pola Xunta de Galicia destinadas a desenvolver un modelo turístico propio na nosa comunidade

- 12323 - 4248 (12/PRE-001283)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Fernández Gómez, Alexandra

Sobre o problema ambiental e de saúde das verteduras na ría de Vigo producidas polos estragos das inundacións do 4 de novembro de 2023 no campo de fútbol sintético de Chan da Barcia, en Ponte Caldelas

- 12321 - 4750 (12/PRE-001330)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre as previsións que ten o Goberno galego respecto da asunción en 2024 das recomendacións do Consello de Contas incluídas no informe de fiscalización da Conta Xeral do Sergas de 2022

- 12238 - 549 (12/PRE-001554)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Sanz Arias, Cristina e 8 máis

Sobre a valoración, a súa evolución e o grao de execución dos plans territoriais de sustentabilidade turística en destino



- 12236 - 563 (12/PRE-001557)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Sanz Arias, Cristina e 7 máis

Sobre o proxecto europeo de rutas ciclistas de longa distancia EuroVelo, así como os obxectivos, orzamentos e as liñas de actuación que están en marcha ao abeiro deste proxecto

- 12234 - 577 (12/PRE-001560)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Sanz Arias, Cristina e 8 máis

Sobre as liñas de actuación do Plan director dos Camiños de Santiago 2022-2027 orientadas ao seu desenvolvemento sustentable

- 12232 - 638 (12/PRE-001571)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Sanz Arias, Cristina e 8 máis

Sobre as novas estratexias de promoción que se encadran nos proxectos futuros da marca turística "España Verde"

- 12325 - 664 (12/PRE-001576)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Sanz Arias, Cristina e 8 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia no que atinxe a plans de formación do Centro Superior de Hostalería de Galicia e á mellora da profesionalización do sector turístico

- 12230 - 671 (12/PRE-001578)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Sanz Arias, Cristina e 8 máis

Sobre o balance das axudas impulsadas pola Xunta de Galicia destinadas a desenvolver un modelo turístico propio e as medidas previstas para 2024

- 12324 - 4247 (12/PRE-002064)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Fernández Gómez, Alexandra

Sobre as medidas para evitar o impacto ambiental na ría de Vigo das verteduras producidas polos estragos das inundacións do 4 de novembro de 2023 no campo de fútbol sintético de Chan da Barcia, en Ponte Caldelas, e as solucións que se están a considerar para que non se repita outro evento destas características

- 12320 - 4752 (12/PRE-002115)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre as previsións que ten o Goberno galego respecto da asunción en 2024 das recomendacións do Consello de Contas incluídas no informe de fiscalización da Conta Xeral do Sergas de 2022

- 12319 - 7333 (12/PRE-002329)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos

Sobre a mellora das catro liñas de transporte de autobús que a Xunta de Galicia contratou con Monbus no concello de Pontevedra

- 12063 - 9267 (12/PRE-002393)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e Rodil Fernández, Olalla

Sobre as distintas alternativas de conciliación dispoñibles para as familias en época estival e as medidas que prevé adoptar a Xunta de Galicia co fin de aumentar a capacidade e as modalidades destes servizos e prestacións

- 12062 - 9468 (12/PRE-002403)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre a resposta dada pola Xunta de Galicia ás peticións formuladas polo Comité de Empresa do Centro de Menores Monteledo e as previsións que ten no que atinxe á mellora das súas instalacións e da súa xestión

- 12061 - 9968 (12/PRE-002419)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón Tomás e 3 máis

Sobre os recursos de que dispón o alumnado de etapas postobrigatorias dos concellos de Moeche, San Sadurniño e Narón en materia de transporte público para asistir aos seus centros de ensino

- 12318 - 10189 (12/PRE-002428)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos

Sobre o incremento do canon de Sogama e as súas consecuencias, a procura dun consenso coa Fegamp para 2025 mediante unha comisión de traballo e a modificación do modelo de xestión de residuos

- 12317 - 11115 (12/PRE-002522)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos

Sobre a repercusión do incremento do canon de Sogama, as políticas previstas polo Goberno galego en materia de residuos urbanos e o impulso da redución e reciclaxe

Santiago de Compostela, 15 de outubro de 2024

María Elena Candia López

Vicepresidenta 1ª



07/10/2023
55197

INICIATIVA LEGISLATIVA POPULAR
PARA O RECOÑECIMENTO E PROTECCIÓN
DAS ACTIVIDADES PESQUEIRAS E MARISQUEIRAS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Asemblea Xeral das Nacións Unidas declarou o ano 2022 (Resolución A/RES/72/72) como Ano Internacional da Pesca e a Acuicultura Artesanais, en recoñecemento dos millóns de pequenos pescadores, acuicultores e traballadores do peixe e do marisco que proporcionan alimentos sans e nutritivos, contribuíndo á seguridade alimentaria e á nutrición, á erradicación da pobreza e ao uso sostible dos recursos naturais.

En Galicia estas actividades destacan tanto pola súa pegada social, económica e riqueza produtiva, como pola súa tradición, situando ao noso territorio como principal rexión pesqueira de Europa. Ademais estas actividades forman parte da nosa identidade, vertebran e arraigan poboación nos nosos municipios costeiros e son parte primordial da nosa paisaxe diferencial.

En 2020 os sectores da pesca -principalmente de artes menores-, marisqueo e acuicultura -principalmente cultivos extensivos de bivalvos-, aos que hai que sumar as industrias de procesado e conservación destes produtos representan o 1,8% do PIB -produto interior bruto- da economía galega.

Galicia destaca no contexto estatal pola súa especialización nos sectores de pesca, marisqueo e acuicultura. Estas ramas de actividade primaria do mar desenvolvidas en Galicia contribúen con mais do 40% do VEB -valor engadido bruto- xerado en España pola pesca, marisqueo e acuicultura; e con mais do 55% en termos de emprego. En ningún país da Unión Europea as actividades relacionadas con estes sectores teñen tanta significación no ámbito social e económico, como en Galicia.

En 2020 a contribución da pesca, o marisqueo e a acuicultura ao PIB galego foi do 0,9%, moi superior á media europea -0,04%-. A empregabilidade destas actividades sempre foi importante en Galicia, a pesar da tendencia descendente dos últimos vinte anos, e mantivo ao noso país como unha rexión altamente dependente da pesca no seu sentido mais amplo. En 2020 empregáronse en Galicia 19.414 persoas, o 2,9% do total de Galicia -frente ao 3,8% no ano 2000-, un terzo na industria de procesado e conservación e dous terzos nas actividades pesqueiras, marisqueiras e acuícolas. A liña de perda tamén se amosa nos PERMEX -permisos de explotación- : en 2001 rexistrábanse en Galicia 6551 PERMEX de mariscadoras/es e no ano 2022 temos 3614.

En 2021 Galicia conta cun importante censo de frota pesqueira que faena maioritariamente no Caladoiro Nacional con 4.260 embarcacións -un 96% faena no caladoiro nacional e emprega maioritariamente artes menores-. A estas hai que sumar 1.281 buques da acuicultura de bivalvos e auxiliares, que dan servizo principalmente as 3.386 bateas dedicadas ao cultivo do mexillón. Datos que amosan a potencia galega na construción de barcos e viveiros no

35.237.278 J





mar e son parte do rico patrimonio vivo da nosa carpintería de ribeira, que ven de ser recoñecido como BIC - Ben de Interese Cultural. A importante contribución da acuicultura extensiva de mexillón galego á soberanía alimentaria de Galicia e de España queda reflectida no seguinte dato: nas bateas fondeadas nas rías galegas produciuse en 2020 o 22% do total dos produtos da pesca e da acuicultura españolas. Ademais o mexillón galego é o único produto do mar español que goza do recoñecemento da súa calidade vinculada á orixe a través do selo europeo da DOP -Denominación de Orixe Protexida-.

En Galicia ten porto base case a metade da frota pesqueira de España e o 5,73% da frota pesqueira da UE. Con todo, dende 2004 todos os segmentos da frota pesqueira galega reducíronse, a meirande parte na que faena no Caladoiro Nacional: de 5.565 buques rexistrados en 2004 só sobreviven 4.043 en 2023. Esta diminución tamén se dá en termos de emprego: o número de tripulantes en toda a frota pesqueira galega era de 30.641 en 1986 e de 11.556 en 2021, que equivale á desaparición do 62% en 34 anos.

Segundo o Anuario de Pesca de 2021, as operacións de venda nas lonxas galegas representaron case 3,8 millóns de transaccións comerciais e se comercializaron preto de 133 mil toneladas de produtos de pesca, que supuxeron unha facturación de case 413 millóns de €, dos que o 17,43% corresponderon a bivalvos e o 68,26% a peixes.

Segundo a Análise do Sector da Pesca do IGE (2023), o sector económico da pesca e acuicultura ten un carácter senlleiro na nosa economía porque é o que presenta o maior índice de especialización produtiva fronte á UE-27.

CONSIDERANDOS

Considerando que as Administracións públicas deben contribuír, máis aló do programático, a que se eliminen as desigualdades e favorecer a erradicación da pobreza e das causas que a orixinan, mediante a redistribución equitativa da riqueza colectiva.

No considerando 19 do Regulamento (CE) nº 1380/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 11 de decembro de 2013, recoñécese que das actividades pesqueiras tradicionais depende en boa medida o desenvolvemento social e económico de determinadas comunidades costeiras e indícase que *os Estados membros deben esforzarse por ofrecer un acceso preferencial á pesca a pequena escala, artesanal e costeira*, un claro mandato para desenvolver o espazo marítimo de Galicia. Asemade no art.2.1 afírmase: *A PPC deberá garantir que as actividades da pesca e a acuicultura sexan sostibles ambientalmente a longo prazo e se xestionen de xeito coherente cos obxectivos de xerar beneficios económicos, sociais e de emprego, e de contribuír á dispoñibilidade de produtos alimentarios.*

Considerando que a Comisión Europea fala nas súas directrices estratéxicas para o período 2021-30 [COM (2021) 236] da importancia da acuicultura -de baixo nivel trófico- e baixa pegada ambiental principalmente da acuicultura de bivalvos e de algas como actividades sostibles que han de promoverse. Actividades que encaixan perfectamente dentro do Pacto verde Europeo pola súa reducida pegada de carbono e porque achegan á sociedade ademais de alimentos nutritivos e saudábeis, servizos ecosistémicos positivos. Considerando ademais que a UE destaca o papel importante que teñen os alimentos de calidade vinculada a orixe, como o Mexillón de Galicia DOP que enriquecen o patrimonio gastronómico europeo e achegan garantías ao consumidor.

35.237.2785

0-1-



Considerando que a pesca, o marisqueo e a acuicultura de bivalvos son actividades de carácter extensivo, artesanal e sostible e son as que se practican histórica e maioritariamente nas rías e litoral, ámbito xeográfico competencial da Comunidade Autónoma de Galicia.

Considerando que, ademais da súa vertente produtiva e económica (creación de renda, valor e emprego), é indiscutible que a pesca, o marisqueo e a acuicultura artesanal representan un dos sinais de identidade máis importantes de Galicia: ten un arraigo estrutural en termos sociais e demográficos da actividade nos enclaves costeiros e actúa sobre áreas costeiras de alta sensibilidade ambiental, ten unha compoñente de desenvolvemento humano e territorial moi elevado; na súa dimensión social e cultural, contribúe á independencia alimentaria da Unión Europea e ao aprovisionamento do mercado de produtos naturais e de calidade contrastada, mantendo un peso notorio en termos de emprego directo e de efectos indirectos a escala local-rexional sobre moitos outros sectores de actividade, o que se destaca e defende pola Comisión de Pesca Europea.

Por todo isto presentamos a seguinte **Iniciativa Lexislativa Popular**, consistente na introdución de dous novos artigos (artigo 5 bis e 5 ter, no Título I) na vixente Lei de Pesca de Galicia:

Artigo 5 bis- Declaración de interese xeral.

Decláranse a todos os efectos de interese xeral as actividades de pesca, marisqueo e acuicultura de bivalvos realizadas no ámbito xeográfico competencial da Xunta de Galicia.

Artigo 5 ter.- Ordenación do Espazo Marítimo en Galicia.

1.- Nos Plans de Ordenación do Espazo Marítimo en Galicia, polas súas peculiares características, hase de priorizar e garantir o exercicio das actuais actividades pesqueiras, marisqueiras e de acuicultura de bivalvos no ámbito competencial da Comunidade Autónoma de Galicia, fronte a calquera outro proxecto ou explotación ou á introdución de actividades que resulten incompatíbeis ou supoñan unha afectación negativa para as actividades produtivas devanditas.

2.- En calquera proxecto ou explotación que supoña un uso do espazo marítimo onde se estean desenvolvendo as devanditas actividades pesqueiras, marisqueiras e de acuicultura de bivalvos será preceptivo e vinculante un informe da Consellería do Mar, que de ser negativo obrigará ao órgano competente a ditar unha resolución motivada poñendo fin ao procedemento e arquivando as actuacións. O informe será remitido no prazo máximo de trinta días.



35.237.278J

55197





OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 4249**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Luis Bará Torres, e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre **"Sobre as medidas para evitar o impacto ambiental na ría de Vigo das verteduras producidas polos estragos das inundacións do 4 de novembro de 2023 no campo de fútbol sintético de Chan da Barcia, en Ponte Caldelas, e as solucións que se están a considerar para que non se repita outro evento destas características "**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático** que ten o seguinte contido:

"No que atinxe ás competencias da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, nos traballos realizados para a elaboración do novo Plan de Xestión de Risco de Inundación da Demarcación Hidrográfica de Galicia Costa (PXRI), correspondente ao segundo ciclo 2021-2027, no proceso de consulta pública, que tivo lugar durante tres meses, non se recibiron achegas ao respecto da problemática do campo de fútbol do Chan da Barcia, polo que non houbo constancia do problema exposto.

En todo caso, na vindeira fase do ciclo, 2027-2033, teranse en conta os feitos expostos para a revisión dos actuais mapas de perigosidade e risco por inundación da ARPSI ES014-PO-01-04-21-01- Río Verdugo. Os prazos de revisión son os previstos no artigo 21 do Real Decreto 903/2010, do 9 de xullo.

Está previsto que neste terceiro trimestre do ano se inicie o novo ciclo de avaliación de riscos de inundación coa publicación da consulta pública do novo documento de avaliación previa de riscos de inundación. En concreto, os mapas deberían estar revisados o 22 de decembro de 2025."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

O Secretario Xeral Técnico,

(Documento asinado dixitalmente)

Francisco Javier Abad Pardo

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 03/10/2024 10:21:56



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/10/2024 10:21:56
Nº Rexistro: 12322
Data envío: 03/10/2024 10:21:56,380

CSV: B6P5TRBQ3Xk6qM0w+0E-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 548**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona Cristina Sanz Arias, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"Sobre a valoración dos plans territoriais de sustentabilidade turística en destino"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

"O Goberno galego, a través da Axencia de Turismo de Galicia, leva anos traballando a prol dun modelo turístico sostible que avanza en diversificación e desestacionalización. Estas premisas están moi presentes nos distintos plans estratéxicos e medidas que se perfilan para impulsar unha afluencia de visitantes máis repartida e ordenada arredor dos nosos atractivos singulares: legado patrimonial e cultural, riqueza natural, gastronomía ou servizos de spa e benestar, entre outros.

Neste contexto, a Xunta de Galicia ten en marcha xa os oito plans en destino incluídos no Plan territorial de sustentabilidade turística vilas termais e cascos históricos, que conta cun investimento global de 23 millóns de euros para o seu desenvolvemento ata 2026.

O Plan de vilas termais e cascos históricos é o terceiro que a Administración Autonómica galega pon en marcha cos fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia; tras o Plan territorial de sustentabilidade turística do litoral (2022-2024) e o de enogastronomía (2023-2025).

Todos eles suman un investimento de máis de 87 millóns de euros para aproveitar o financiamento europeo no obxectivo de seguir afondando na sustentabilidade do destino galego".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

O Secretario Xeral Técnico,

(Documento asinado dixitalmente)

Francisco Javier Abad Pardo

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/10/2024 9:27:55



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 12239
Data envío: 02/10/2024 09:27:55.542

CSV: BGRISJTBGMMIDBGSZT9Z
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 562**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona Cristina Sanz Arias, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"Sobre a valoración do proxecto de rutas ciclistas de longa distancia EuroVelo"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

"A Rede EuroVelo é un proxecto da Federación Europea de Ciclistas (ECF) que promoveu a apertura de 17 rutas de longa distancia que unen a 40 países europeos a través de máis de 92.000 quilómetros de percorridos. Trátase dunha oferta que, a partir de itinerarios existentes ou de nova construción, fomenta a práctica do deporte e o ecoturismo, facilitando o descubrimento amodo de novos destinos.

Os obxectivos deste rede encaixan na promoción das viaxes sustentables, no impulso económico, ambiental e social dos territorios polos que transcorre e aposta pola promoción dun medio de transporte que repercute positivamente na saúde dos seus usuarios, xa que se logran hábitos de vida saudable e se empregan medios de transporte totalmente respectuosos co medio ambiente.

Neste contexto, incorporouse a prolongación en Galicia de EuroVelo 3 "Ruta dos Peregrinos" que, cunha lonxitude de 5.650 km, permite visitar sete países europeos: Noruega, Suecia, Dinamarca, Alemaña, Bélxica, Francia e España, impulsando un novo xeito de descubrir os lugares máis representativos de varias rutas de peregrinación, entre eles o Camiño Francés, que remata en Santiago de Compostela, e o Camiño de Fisterra, ata o Cabo Fisterra.

Así mesmo, en Galicia estase a traballar na sinalización da ruta Cicloturista Costa Atlántica Eurovelo V1, que unirá Tui con Fisterra, tras percorrer preto de preto de 11.000 km. Este investimento converte a comunidade galega na única rexión na que conflúen dúas rutas: a V1 e a V3, contribuíndo ao noso posicioinamento como destino de "Turismo slow".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

O Secretario Xeral Técnico,

(Documento asinado dixitalmente)

Francisco Javier Abad Pardo

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 12237
Data envío: 02/10/2024 09:27:42.527

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/10/2024 9:27:42

CSV: B6PISIBDQ3VW6ZC0BBI42
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 576**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona Cristina Sanz Arias, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"Sobre as liñas de actuación do Plan director dos Camiños de Santiago 2022-2027 orientadas ao seu desenvolvemento sustentable"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

"O Plan Director dos Camiños de Santiago na Comunidade Autónoma de Galicia 2022-2027 é unha ferramenta de xestión e unha folla de ruta que marca as directrices para a súa conservación, atendendo a todas as súas vertentes e a todos os axentes implicados.

Ampliando os obxectivos do Plan Director 2015-2021, así como os esforzos e obxectivos fixados neste plan, estrutúrase arredor de 17 liñas de actuación e preto dun centenar de accións dirixidas a protexer e preservar o Camiño de Santiago en territorio galego en todas as súas vertentes (espiritual, histórica, patrimonial, cultura e humanística).

Para o desenvolvemento deste Plan director estableceuse unha dotación orzamentaria de 141 millóns de euros, duplicando o investimento con respecto ao período xacobeo anterior.

Co horizonte posto na celebración do vindeiro Ano Santo, en 2027, as medidas deste Plan Director céntranse en sete retos específicos:

- A dixitalización e a sustentabilidade.
- A promoción dos itinerarios e a súa conexión internacional.
- Novas fórmulas para mellorar a experiencia dos peregrinos.
- Mellora da gobernanza.
- Mellorar os servizos do Camiño (igualdade, inclusión, etc...).
- A aposta polos produtos locais e a implicación da veciñanza.
- A potenciación de todos os roteiros de peregrinación recoñecidos.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 12235
Data envío: 02/10/2024 09:27:28.964

O documento pode consultase no seguinte enderezo:

https://www.turismo.gal/canle-profesional/plans-e-proxectos/plan-director-camino-de-santiago?langId=gl_ES".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

O Secretario Xeral Técnico,

(Documento asinado dixitalmente)

Francisco Javier Abad Pardo

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: B8P8J8R8D8Q8Z8O8X6848Z8-2
Verificación: CVE-PREPAR: 0d7938c1-6306-7284-3e29-3c8c70a04c59
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/10/2024 9:27:28



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 12235
Data envío: 02/10/2024 09:27:28.964

CSV: B6P5TRB9C04ZIOX64-L20E-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 637**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona Cristina Sanz Arias, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"Sobre as novas estratexias de promoción que se encadran nos proxectos futuros da marca turística España Verde"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

"Galicia participa no proxecto 'Corredor de Ecoturismo da España Verde' xunto ás comunidades de Asturias, Cantabria e País Vasco), co obxectivo común de crear, promocionar e coordinar un gran roteiro que impulse unha viaxe de goce e coñecemento polos principais lugares do norte peninsular.

Financiado polos fondos europeos Next Generation, tratase dunha nova oportunidade para que Galicia avance nun modelo turístico sostible desde o punto de vista social e ambiental. Así, xunto a Asturias, Cantabria e o País Vasco, a comunidade galega asume este 2024 a coordinación desta marca turística do norte peninsular coa que se busca ofrecer experiencias turísticas dentro dos espazos naturais protexidos de cada comunidade, crear unha rede de axentes colaboradores no territorio e dar formación a empresas e xestores de recursos.

No proxecto poderán participar os espazos naturais protexidos que desexen colaborar, empresas situadas no medio rural e natural vinculadas á observación da fauna, aloxamento, empresas de turismo activo, así como as que contén con certificación de sustentabilidade que queiran crear paquetes e produtos de ecoturismo. Ao mesmo tempo, está aberta a axentes locais e ambientais, axencias de receptivo e operadores especialistas en natureza, entre outros.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





A conclusión do proxecto, con data de finalización en novembro de 2024, permitirá crear o maior corredor de ecoturismo de Europa e conta coa participación das Asociación de Ecoturismo de España”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

O Secretario Xeral Técnico,
(Documento asinado dixitalmente)

Francisco Javier Abad Pardo

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/10/2024 9:27:14



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 12233
Data envío: 02/10/2024 09:27:14.902

CSV: B6P5T8D3H4S3E/RNEX-Z
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Como todos os anos, o Centro permitirá tamén flexibilizar o pagamento en varias achegas. E tamén haberá exencións para familias numerosas de carácter xeral (50% da matrícula) e de carácter especial (100%). Así mesmo, non pagarán a matrícula aqueles candidatos con discapacidade superior ao 33%, vítimas de actos terroristas e vítimas de violencia de xénero.

Xunto a estas medidas, e para dar resposta á crecente demanda do sector da restauración en Galicia, o CSHG ofertará o Curso Superior de Chef e Pastelería, un título propio que empezará este curso 2024/25 e terá 24 prazas. Será un curso intensivo dun ano, con tres meses de prácticas en restaurantes de Galicia. Este curso capacitará futuros cociñeiros para manipular, preparar, conservar e presentar alimentos de cociña e pastelería tradicional, moderna e vangardista ”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

O Secretario Xeral Técnico,

(Documento asinado dixitalmente)

Francisco Javier Abad Pardo

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 03/10/2024 10:22:25



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/10/2024 10:22:26
Nº Rexistro: 12326
Data envío: 03/10/2024 10:22:26.035

CSV: B6P5TRB3Mw0V0DZ4-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 670**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona Cristina Sanz Arias, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"Sobre o balance das axudas impulsadas pola Xunta de Galicia destinadas a desenvolver un modelo turístico propio na nosa comunidade"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

"Para a Xunta de Galicia o turismo é unha prioridade estratéxica. Neste sentido, o Administración autonómica está comprometida cun desenvolvemento turístico de calidade e sostible que potencie e seu papel como motor económico e de emprego, poñendo en valor nosa gran riqueza histórica, patrimonial, cultural, paisaxística e gastronómica.

Neste marco, a Axencia de Turismo de Galicia conta este ano 2024 cun orzamento de 144 millóns de euros, o que supón un incremento do 7% en relación co pasado exercicio económico. O foco destes recursos está posto en continuar reforzando a sostibilidade, a calidade, a conservación e a promoción da nosa oferta turística. As liñas de axuda, algunhas xa consolidadas e outras novas, están dirixidas tanto ao sector como ás entidades locais e tecido asociativo, primando dun xeito especial os proxectos que resulten tractores para o desenvolvemento económico e social da localidade na que se desenvolvan. Por outra banda, séguense despregando os Plans de Sostibilidade extraordinarios financiados cos fondos europeos Next Generation. O apoio ao turismo interno e a desestacionalización é outro dos obxectivos, renovando os apoios a programas innovadores como o Outono Gastronómico ou o Bono Turístico; facilitando o deseño, comercialización e promoción de novos produtos turísticos que respondan ás necesidades dos viaxeiros; e mantendo o impulso en favor de nichos especializados como o ecoturismo, o turismo náutico, o enogastronómico ou o termal, aproveitando elementos estratéxicos.

Todos estes obxectivos son aplicables ás actuacións en favor do Camiño de Santiago. Deste xeito, neste ano séguese a despregar o Plan Director 2022-2027, cuxos obxectivos pasan por acadar un Camiño máis sostible, aberto e accesible. En consecuencia, á excelencia do turismo galego vén certificada nas 311 empresas galegas acreditadas co Q de Calidade Turística, as 42 co S de Sustentabilidade, as 17 Estrelas Michelin e 40 Soles Repsol dos restaurantes galegos ou as máis 140 as bandeiras azuis concedidas neste ano ás nosas praias e portos deportivos. Tamén polo feito de dispoñer de 18 destinos recoñecidos polo Sistema Integral de Calidade Española en Destinos (SICTED).

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Esta aposta tradúcese no augue da actividade turística. De xeito acumulado, nos primeiros sete meses deste ano Galicia rexistrou preto de 3,9 millóns de viaxeiros aloxados que fixeron 7 millóns de noites no conxunto do aloxamento turístico, o que supón incrementos de 2,2% e 0,2% respectivamente. Esta dinámica fai que por segundo ano consecutivo as noites dos primeiros sete meses se achega á barreira dos sete millóns de noites.

Así pois, o pasado mes de xullo, Galicia situouse como o sétimo destino máis importante do norte peninsular e o sétimo de España por detrás de Cataluña, Baleares, Andalucía, Canarias, Comunidade Valenciana e Madrid, como se desprende dos datos feitos públicos polo Instituto Nacional de Estatística".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

O Secretario Xeral Técnico,

(Documento asinado dixitalmente)

Francisco Javier Abad Pardo

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/10/2024 9:27:01



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 12231
Data envío: 02/10/2024 09:27:01.434

CSV: B6P5T8B9qk1uY6d4Zt6-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 4248**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luis Bará Torres, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre "**Sobre o problema ambiental e de saúde das verteduras na ría de Vigo producidas polos estragos das inundacións do 4 de novembro de 2023 no campo de fútbol sintético de Chan da Barcia, en Ponte Caldelas**" convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático**

que ten o seguinte contido:

"No que atinxe ás competencias da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, nos traballos realizados para a elaboración do novo Plan de Xestión de Risco de Inundación da Demarcación Hidrográfica de Galicia Costa (PXRI), correspondente ao segundo ciclo 2021-2027, no proceso de consulta pública, que tivo lugar durante tres meses, non se recibiron achegas ao respecto da problemática do campo de fútbol do Chan da Barcia, polo que non houbo constancia do problema exposto.

En todo caso, na vindeira fase do ciclo, 2027-2033, teranse en conta os feitos expostos para a revisión dos actuais mapas de perigosidade e risco por inundación da ARPSI ES014-PO-01-04-21-01- Río Verdugo. Os prazos de revisión son os previstos no artigo 21 do Real Decreto 903/2010, do 9 de xullo. Está previsto que neste terceiro trimestre do ano se inicie o novo ciclo de avaliación de riscos de inundación coa publicación da consulta pública do novo documento de avaliación previa de riscos de inundación. En concreto, os mapas deberían estar revisados o 22 de decembro de 2025."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

O Secretario Xeral Técnico,

(Documento asinado dixitalmente)

Francisco Javier Abad Pardo

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 03/10/2024 10:22:03



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/10/2024 10:22:03
Nº Rexistro: 12323
Data envío: 03/10/2024 10:22:03,645

CSV: B6P5T8DQ-VFVQWGHZ#2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 4750**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Iglesias Rey, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"Sobre as previsións que ten o Goberno galego respecto da asunción en 2024 das recomendacións do Consello de Contas incluídas no informe de fiscalización da Conta Xeral do Sergas de 2022"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"O Conselleiro de Facenda xa respondeu a esta pregunta no Pleno do Parlamento de Galicia o día 29 de maio. Ligazón á súa intervención na web do Parlamento:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal:443/s/Hx8MMLpuXrarfjbRQ8v58JmxeiD2aPAWCmkbrlbLWlO7P7bq>."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

O Secretario Xeral Técnico,

(Documento asinado dixitalmente)

Francisco Javier Abad Pardo

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 03/10/2024 10:21:49



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/10/2024 10:21:49
Nº Rexistro: 12321
Data envío: 03/10/2024 10:21:49.739

CSV: B6P5TRB93MlQ901BZ1a-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 549**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona Cristina Sanz Arias e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"Sobre a valoración, a súa evolución e o grao de execución dos plans territoriais de sustentabilidade turística en destino"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

"O Goberno galego, a través da Axencia de Turismo de Galicia, leva anos traballando a prol dun modelo turístico sostible que avanza en diversificación e desestacionalización. Estas premisas están moi presentes nos distintos plans estratéxicos e medidas que se perfilan para impulsar unha afluencia de visitantes máis repartida e ordenada arredor dos nosos atractivos singulares: legado patrimonial e cultural, riqueza natural, gastronomía ou servizos de spa e benestar, entre outros.

Neste contexto, a Xunta de Galicia ten en marcha xa os oito plans en destino incluídos no Plan territorial de sustentabilidade turística vilas termais e cascos históricos, que conta cun investimento global de 23 millóns de euros para o seu desenvolvemento ata 2026.

O Plan de vilas termais e cascos históricos é o terceiro que a Administración Autonómica galega pon en marcha cos fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia; tras o Plan territorial de sustentabilidade turística do litoral (2022-2024) e o de enogastronomía (2023-2025).

Todos eles suman un investimento de máis de 87 millóns de euros para aproveitar o financiamento europeo no obxectivo de seguir afondando na sustentabilidade do destino galego".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

O Secretario Xeral Técnico,

(Documento asinado dixitalmente)

Francisco Javier Abad Pardo

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/10/2024 9:27:49



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 12238
Data envío: 02/10/2024 09:27:49.339

CSV: B6P5TRB93X9p40Y6WZ36-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 563**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona Cristina Sanz Arias e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"Sobre o proxecto europeo de rutas ciclistas de longa distancia EuroVelo, así como os obxectivos, orzamentos e as liñas de actuación que están en marcha ao abeiro deste proxecto"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

"A Rede EuroVelo é un proxecto da Federación Europea de Ciclistas (ECF) que promoveu a apertura de 17 rutas de longa distancia que unen a 40 países europeos a través de máis de 92.000 quilómetros de percorridos. Trátase dunha oferta que, a partir de itinerarios existentes ou de nova construción, fomenta a práctica do deporte e o ecoturismo, facilitando o descubrimento amodo de novos destinos.

Os obxectivos deste rede encaixan na promoción das viaxes sustentables, no impulso económico, ambiental e social dos territorios polos que transcorre e aposta pola promoción dun medio de transporte que repercute positivamente na saúde dos seus usuarios, xa que se logran hábitos de vida saudable e se empregan medios de transporte totalmente respectuosos co medio ambiente.

Neste contexto, incorporouse a prolongación en Galicia de EuroVelo 3 "Ruta dos Peregrinos" que, cunha lonxitude de 5.650 km, permite visitar sete países europeos: Noruega, Suecia, Dinamarca, Alemaña, Bélxica, Francia e España, impulsando un novo xeito de descubrir os lugares máis representativos de varias rutas de peregrinación, entre eles o Camiño Francés, que remata en Santiago de Compostela, e o Camiño de Fisterra, ata o Cabo Fisterra.

Así mesmo, en Galicia estase a traballar na sinalización da ruta Cicloturista Costa Atlántica Eurovelo V1, que unirá Tui con Fisterra, tras percorrer preto de preto de 11.000 km. Este investimento converte a comunidade galega na única rexión na que conflúen dúas rutas: a V1 e a V3, contribuíndo ao noso posicioinamento como destino de "Turismo slow".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

O Secretario Xeral Técnico,

(Documento asinado dixitalmente)

Francisco Javier Abad Pardo

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/10/2024 9:27:35



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 12236
Data envío: 02/10/2024 09:27:35.136

CSV: B6P5T8D3N6JN0VZ4E2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 577**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona Cristina Sanz Arias e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"Sobre as liñas de actuación do Plan director dos Camiños de Santiago 2022-2027 orientadas ao seu desenvolvemento sustentable"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

"O Plan Director dos Camiños de Santiago na Comunidade Autónoma de Galicia 2022-2027 é unha ferramenta de xestión e unha folla de ruta que marca as directrices para a súa conservación, atendendo a todas as súas vertentes e a todos os axentes implicados.

Ampliando os obxectivos do Plan Director 2015-2021, así como os esforzos e obxectivos fixados neste plan, estrutúrase arredor de 17 liñas de actuación e preto dun centenar de accións dirixidas a protexer e preservar o Camiño de Santiago en territorio galego en todas as súas vertentes (espiritual, histórica, patrimonial, cultura e humanística).

Para o desenvolvemento deste Plan director estableceuse unha dotación orzamentaria de 141 millóns de euros, duplicando o investimento con respecto ao período xacobeo anterior.

Co horizonte posto na celebración do vindeiro Ano Santo, en 2027, as medidas deste Plan Director céntranse en sete retos específicos:

- A dixitalización e a sustentabilidade.
- A promoción dos itinerarios e a súa conexión internacional.
- Novas fórmulas para mellorar a experiencia dos peregrinos.
- Mellora da gobernanza.
- Mellorar os servizos do Camiño (igualdade, inclusión, etc...).
- A aposta polos produtos locais e a implicación da veciñanza.
- A potenciación de todos os roteiros de peregrinación recoñecidos.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 12234
Data envío: 02/10/2024 09:27:22.371

O documento pode consultase no seguinte enderezo:

https://www.turismo.gal/canle-profesional/plans-e-proxectos/plan-director-camino-de-santiago?langId=gl_ES ”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

O Secretario Xeral Técnico,

(Documento asinado dixitalmente)

Francisco Javier Abad Pardo

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: B0P5T8D937A0Y04F242-2
Verificación: CVE-PR-EPAR: 64f08d90-9333-3b94-f6b1-aa6e23ce66b5
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/10/2024 9:27:22



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 12234
Data envío: 02/10/2024 09:27:22.371

CSV: B6P5TRB9GzWJqY@tRZ4E-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 638**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona Cristina Sanz Arias e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"Sobre as novas estratexias de promoción que se encadran nos proxectos futuros da marca turística "España Verde"**", convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

"Galicia participa no proxecto 'Corredor de Ecoturismo da España Verde' xunto ás comunidades de Asturias, Cantabria e País Vasco), co obxectivo común de crear, promocionar e coordinar un gran roteiro que impulse unha viaxe de goce e coñecemento polos principais lugares do norte peninsular.

Financiado polos fondos europeos Next Generation, tratase dunha nova oportunidade para que Galicia avance nun modelo turístico sostible desde o punto de vista social e ambiental. Así, xunto a Asturias, Cantabria e o País Vasco, a comunidade galega asume este 2024 a coordinación desta marca turística do norte peninsular coa que se busca ofrecer experiencias turísticas dentro dos espazos naturais protexidos de cada comunidade, crear unha rede de axentes colaboradores no territorio e dar formación a empresas e xestores de recursos.

No proxecto poderán participar os espazos naturais protexidos que desexen colaborar, empresas situadas no medio rural e natural vinculadas á observación da fauna, aloxamento, empresas de turismo activo, así como as que contén con certificación de sustentabilidade que queiran crear paquetes e produtos de ecoturismo. Ao mesmo tempo, está aberta a axentes locais e ambientais, axencias de receptivo e operadores especialistas en natureza, entre outros.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





A conclusión do proxecto, con data de finalización en novembro de 2024, permitirá crear o maior corredor de ecoturismo de Europa e conta coa participación das Asociación de Ecoturismo de España ”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

O Secretario Xeral Técnico,

(Documento asinado dixitalmente)

Francisco Javier Abad Pardo

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/10/2024 9:27:07



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 12232
Data envío: 02/10/2024 09:27:07,949

CSV: B6P5TRBQxWUqy&BZ6-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 664**, ormulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona Cristina Sanz Arias e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"Sobre as previsións da Xunta de Galicia no que atinxe a plans de formación do Centro Superior de Hostalería de Galicia e á mellora da profesionalización do sector turístico"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

"O Centro Superior de Hostalaría de Galicia (CSHG) leva máis de 30 anos formando xestores e directivos de empresas turísticas, dependente da Xunta de Galicia, e comezou nos seus inicios ofertando unha formación propia en Dirección Hoteleira e Gastronomía. Desde o ano 2021 está adscrito á Universidade de Santiago de Compostela e imparte o Grao universitario en Xestión de Empresas Hostaleiras coas especialidades de Gastronomía e de Dirección Hostaleira.

Trátase dunha formación de excelencia, que sitúa ao Centro Superior de Hostalaría de Galicia como un referente no sector, formando a mais de 2.500 directivos que desenvolven o seu labor en empresas hostaleiras e turísticas de todo o mundo. Precisamente, para facilitar o acceso aos estudos universitarios impartidos por este centro a familias e estudantes, o Consello da Xunta do pasado 3 de xuño informou de novas medidas que entrarán en vigor no curso 2024/25.

En concreto, neste curso a matrícula reducirá o seu prezo un 50%, polo que o prezo para estudar o Grao de Xestión de Empresas Hostaleiras costará de xeito xeral 4.000 € -frente aos preto de 8.000 euros que se pagaban ata o momento- e a matrícula levará incluídos novos servizos como almuerzo e comida para todo o alumnado, ademais de materiais teórico-prácticos ou o necesario durante as xornadas de prácticas, entre outras.

Por outra banda, a Xunta duplicará o número de bolsas de estudo ata sumar un total de 52 que, dependendo da tipoloxía, suporán un desconto de entre un 50 e un 80 % do prezo da matrícula e, en todos os casos, un desconto do 100% no prezo do aloxamento na residencia do CSHG con pensión completa.

No apartado das bolsas, créanse dous novos tipos: as de excelencia académica, destinada ao alumnado que se matricule cunha nota de 8 ou superior no acceso á universidade, e as bolsas para galegos/as residentes no exterior, onde os requisitos son principalmente a vinculación con Galicia. En ambos casos supoñen un desconto do 80 % da matrícula.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Como todos os anos, o Centro permitirá tamén flexibilizar o pagamento en varias achegas. E tamén haberá exencións para familias numerosas de carácter xeral (50% da matrícula) e de carácter especial (100%). Así mesmo, non pagarán a matrícula aqueles candidatos con discapacidade superior ao 33%, vítimas de actos terroristas e vítimas de violencia de xénero.

Xunto a estas medidas, e para dar resposta á crecente demanda do sector da restauración en Galicia, o CSHG ofertará o Curso Superior de Chef e Pastelería, un título propio que empezará este curso 2024/25 e terá 24 prazas. Será un curso intensivo dun ano, con tres meses de prácticas en restaurantes de Galicia. Este curso capacitará futuros cociñeiros para manipular, preparar, conservar e presentar alimentos de cociña e pastelería tradicional, moderna e vangardista ”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

O Secretario Xeral Técnico,

(Documento asinado dixitalmente)

Francisco Javier Abad Pardo

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 03/10/2024 10:22:19



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/10/2024 10:22:19
Nº Rexistro: 12325
Data envío: 03/10/2024 10:22:19.192

CSV: B6P5T8B9GHRVZ65H218-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 671**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona Cristina Sanz Arias e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"Sobre o balance das axudas impulsadas pola Xunta de Galicia destinadas a desenvolver un modelo turístico propio e as medidas previstas para 2024"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

"Para a Xunta de Galicia o turismo é unha prioridade estratéxica. Neste sentido, o Administración autonómica está comprometida cun desenvolvemento turístico de calidade e sostible que potencie e seu papel como motor económico e de emprego, poñendo en valor nosa gran riqueza histórica, patrimonial, cultural, paisaxística e gastronómica.

Neste marco, a Axencia de Turismo de Galicia conta este ano 2024 cun orzamento de 144 millóns de euros, o que supón un incremento do 7% en relación co pasado exercicio económico. O foco destes recursos está posto en continuar reforzando a sostibilidade, a calidade, a conservación e a promoción da nosa oferta turística. As liñas de axuda, algunhas xa consolidadas e outras novas, están dirixidas tanto ao sector como ás entidades locais e tecido asociativo, primando dun xeito especial os proxectos que resulten tractores para o desenvolvemento económico e social da localidade na que se desenvolvan. Por outra banda, séguense despregando os Plans de Sostibilidade extraordinarios financiados cos fondos europeos Next Generation. O apoio ao turismo interno e a desestacionalización é outro dos obxectivos, renovando os apoios a programas innovadores como o Outono Gastronómico ou o Bono Turístico; facilitando o deseño, comercialización e promoción de novos produtos turísticos que respondan ás necesidades dos viaxeiros; e mantendo o impulso en favor de nichos especializados como o ecoturismo, o turismo náutico, o enogastronómico ou o termal, aproveitando elementos estratéxicos.

Todos estes obxectivos son aplicables ás actuacións en favor do Camiño de Santiago. Deste xeito, neste ano séguese a despregar o Plan Director 2022-2027, cuxos obxectivos pasan por acadar un Camiño máis sostible, aberto e accesible. En consecuencia, á excelencia do turismo galego vén certificada nas 311 empresas galegas acreditadas co Q de Calidade Turística, as 42 co S de Sustentabilidade, as 17 Estrelas Michelin e 40 Soles Repsol dos restaurantes galegos ou as máis 140 as bandeiras azuis concedidas neste ano ás nosas praias e portos deportivos. Tamén polo feito de dispoñer de 18 destinos recoñecidos polo Sistema Integral de Calidade Española en Destinos (SICTED).

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Esta aposta tradúcese no augue da actividade turística. De xeito acumulado, nos primeiros sete meses deste ano Galicia rexistrou preto de 3,9 millóns de viaxeiros aloxados que fixeron 7 millóns de noites no conxunto do aloxamento turístico, o que supón incrementos de 2,2% e 0,2% respectivamente. Esta dinámica fai que por segundo ano consecutivo as noites dos primeiros sete meses se achega á barreira dos sete millóns de noites.

Así pois, o pasado mes de xullo, Galicia situouse como o sétimo destino máis importante do norte peninsular e o sétimo de España por detrás de Cataluña, Baleares, Andalucía, Canarias, Comunidade Valenciana e Madrid, como se desprende dos datos feitos públicos polo Instituto Nacional de Estadística. ”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

O Secretario Xeral Técnico,

(Documento asinado dixitalmente)

Francisco Javier Abad Pardo

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: B0P5JTB0CAWJPD0X3H4E6-2
Verificación: CVE-PRERAR: e0e32a82-ab05-4816-3a95-a3fe5bd01396
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/10/2024 9:26:51



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 12230
Data envío: 02/10/2024 09:26:52.231

CSV: B6PIS7B9CAWfPDx3GfEz6-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 4247**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luis Bará Torres, e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre **"Sobre as medidas para evitar o impacto ambiental na ría de Vigo das verteduras producidas polos estragos das inundacións do 4 de novembro de 2023 no campo de fútbol sintético de Chan da Barcia, en Ponte Caldelas, e as solucións que se están a considerar para que non se repita outro evento destas características"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático** que ten o seguinte contido:

"No que atinxe ás competencias da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, nos traballos realizados para a elaboración do novo Plan de Xestión de Risco de Inundación da Demarcación Hidrográfica de Galicia Costa (PXR), correspondente ao segundo ciclo 2021-2027, no proceso de consulta pública, que tivo lugar durante tres meses, non se recibiron achegas ao respecto da problemática do campo de fútbol do Chan da Barcia, polo que non houbo constancia do problema exposto.

En todo caso, na vindeira fase do ciclo, 2027-2033, teranse en conta os feitos expostos para a revisión dos actuais mapas de perigosidade e risco por inundación da ARPSI ES014-PO-01-04-21-01- Río Verdugo. Os prazos de revisión son os previstos no artigo 21 do Real Decreto 903/2010, do 9 de xullo. Está previsto que neste terceiro trimestre do ano se inicie o novo ciclo de avaliación de riscos de inundación coa publicación da consulta pública do novo documento de avaliación previa de riscos de inundación. En concreto, os mapas deberían estar revisados o 22 de decembro de 2025."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

O Secretario Xeral Técnico,

(Documento asinado dixitalmente)

Francisco Javier Abad Pardo

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 03/10/2024 10:22:11



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/10/2024 10:22:11
Nº Rexistro: 12324
Data envío: 03/10/2024 10:22:11.567

CSV: B6P5D8B93vJlUqY6H218-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 4752**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Iglesias Rey, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"Sobre as previsións que ten o Goberno galego respecto da asunción en 2024 das recomendacións do Consello de Contas incluídas no informe de fiscalización da Conta Xeral do Sergas de 2022"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade** que ten o seguinte contido:

"O Conselleiro de Facenda xa respondeu a esta pregunta no Pleno do Parlamento de Galicia o día 29 de maio.

Ligazón á súa intervención na web do Parlamento:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal:443/s/Hx8MMLpuXrarfjbRQ8v58JmxeiD2aPAWCmkbrlbLWlO7P7bq>."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

O Secretario Xeral Técnico,

(Documento asinado dixitalmente)

Francisco Javier Abad Pardo

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 03/10/2024 10:21:42



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/10/2024 10:21:42
Nº Rexistro: 12320
Data envío: 03/10/2024 10:21:42.192

CSV: B6PISU8BGCWQWQV0Z28-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 7333**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Paloma Castro Rey, e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre **"Sobre a mellora das catro liñas de transporte de autobús que a Xunta de Galicia contratou con Monbus no concello de Pontevedra "**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes** que ten o seguinte contido:

"Desde outubro de 2021, o Concello de Pontevedra, recoñecendo a competencia municipal no transporte público urbano que lle outorga a lexislación, asumiu a súa obriga de prestar servizos de autobús no ámbito do seu municipio.

Eses servizos de transporte urbano préstanse a través das concesións de autobús da Xunta de Galicia, tal e como se atopa establecido no convenio asinado co Concello para a implantación dun servizo de interese municipal (SIMU), posibilidade prevista no marco do Plan de Transporte Público de Galicia.

Deste xeito, activáronse dúas liñas que conforman o transporte urbano, Estacións-A Xunqueira-Monteporreiro (circular L1) e Praza Galicia-Montecelo-Monteporreiro (circular L2), coa formulación de percorrido, frecuencias e horarios promovida polo Concello e acordada coa Xunta.

Por tratarse de liñas do SIMU, cuxo custo de prestación asume o Concello de Pontevedra, un hipotético incremento das frecuencias na liña que conecta co hospital debe avalialo a administración local.

Con todo, cómpre sinalar que os servizos foron obxecto de modificacións para unha mellor adaptacións ás necesidades dos usuarios."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

O Secretario Xeral Técnico,

(Documento asinado dixitalmente)

Francisco Javier Abad Pardo

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 03/10/2024 10:21:36



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/10/2024 10:21:36
Nº Rexistro: 12319
Data envío: 03/10/2024 10:21:36.145

CSV: B6P5TRBQ3vTgQV0WZ18-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 9267**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ariadna Fernández González e dona Olalla Rodil Fernández, sobre **"as distintas alternativas de conciliación dispoñibles para as familias en época estival e as medidas que prevé adoptar a Xunta de Galicia co fin de aumentar a capacidade e as modalidades destes servizos e prestacións"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"O Plan Corresponsables da Xunta de Galicia xa beneficiou no que levamos de ano a preto de 30.000 nenos e as súas familias, cun investimento de 7,7 millóns de euros.

A través deste Plan, o Executivo autonómico achega recursos a case 170 concellos, unha vintena de entidades sociais e 60 asociacións de nais e pais (Anpas) para que poñan en marcha iniciativas que axuden a compaxinar a vida laboral e familiar, non só durante os meses de verán, senón durante todo o ano. Así, coas axudas deste Plan desenvólvense campamentos, obradoiros, actividades de lecer ou servizos de madrugadores nos centros, entre outras propostas.

Estes recursos demostran a aposta do Goberno galego pola conciliación, que se pon de manifesto en medidas como a campaña de verán máis ambiciosa da historia, con campamentos dirixidos especificamente a persoas con discapacidade; ou a gratuidade do 100% das escolas infantís (públicas, privadas e de iniciativa social) para máis de 32.000 familias. Tamén á creación dunha ampla rede de casas niño, máis de 100 que atenden a máis de 500 nenos que viven no rural ou o Bono Concilia Familia para axudar a sufragar os gastos de servizos de conciliación."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

O secretario xeral técnico

(ASINADO DIXITALMENTE)

Francisco Javier Abad Pardo

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/09/2024 14:26:42



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 12063
Data envío: 27/09/2024 14:26:42.601

CSV: B6PIS7B9G2MD0Y0CA14#2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 9468**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta, dona Elena Espinosa Mangana e dona Silvia Longueira Castro, sobre **"a resposta dada pola Xunta de Galicia ás peticións formuladas polo Comité de Empresa do Centro de Menores Monteledo e as previsións que ten no que atinxe á mellora das súas instalacións e da súa xestión"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

" A rede de centros públicos destinados ao cumprimento de medidas xudiciais establecidas na lei orgánica 5/2000, de 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores, dispón de capacidade suficiente para garantir que todas as persoas que teñen que cumprir ditas medidas na Comunidade Autónoma de Galicia fano con normalidade e en función do tipo de medida establecida polo xulgado correspondente.

Respecto do centro público de reeducación Monteledo, efectivamente este centro funciona con normalidade e a súa forma de xestión non ten variado nos seus preto de 30 anos que leva en funcionamento.

A única novidade que se ten producido, da cal se ten informado de xeito reiterado, é que a Xunta de Galicia modificou o procedemento de selección da entidade que xestiona este centro público, que ata agora víñase facendo a través dun convenio publicado no DOG e agora realízase a través dun concerto social publicado tamén no DOG, o cal beneficia ás entidades do terceiro sector. De feito, a implantación do concerto social estase a realizar tamén nos outros centros de reeducación da Xunta, nos centros de intervención en medio aberto e tamén nos recursos de acollemento residencial como casas de familia ou minirresidencias.

O concerto social supón un novo mecanismo que permite impulsar as relacións da Xunta de Galicia coas entidades prestadoras de servizos sociais, e acadar unha maior seguridade xurídica nas actividades deste sector. Neste caso concreto, o concerto social para os centros de reeducación Monteledo e Montefiz publicouse o pasado mes de novembro e non supuxo unha diminución do cadro de persoal, senón todo o contrario: aumentouse o persoal.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Convén lembrar que Galicia é unha comunidade autónoma cuns índices de delincuencia xuvenil moi baixos, e desde logo moi por debaixo da media española: Galicia é a 2ª comunidade autónoma cos índices de notificación de medidas xudiciais a menores de idade máis baixos de toda España, e tamén é a 2ª comunidade autónoma cos índices de execución de medidas xudiciais a menores de idade máis baixos de toda España.

Non obstante, a Xunta de Galicia ten incrementado desde 2009 o número de recursos e de prazas destinadas ao cumprimento das medidas xudiciais impostas polos xulgados de menores. En todo caso, a Xunta de Galicia está a executar todas as medidas xudiciais que veñen establecidas polos Xulgados de menores, tamén as medidas de internamento terapéutico. O 100% das medidas.

Finalmente, respecto das obras de mellora do centro Monteledo, infórmolle de que o centro Monteledo xa está en obras desde hai meses, o que vai redundar nunha importante mellora nas condicións de traballo do persoal do centro e tamén nunha maior confortabilidade para as persoas usuarias do mesmo”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

O secretario xeral técnico

(ASINADO DIXITALMENTE)

Francisco Javier Abad Pardo

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/09/2024 14:26:35



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 12062
Data envío: 27/09/2024 14:26:36.023

CSV: B6PIS7B9G4QJXV0U5Z8-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 9968**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Ramón Fernández Alfonso, don Xosé Manuel Golpe Acuña, don Paulo Ríos Santomé e dona Cristina Fernández Davila, sobre **"os recursos de que dispón o alumnado de etapas postobligatorias dos concellos de Moeche, San Sadurniño e Narón en materia de transporte público para asistir aos seus centros de ensino"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"O Plan de Transporte Público de Galicia busca dar resposta ás necesidades de mobilidade da cidadanía con independencia do seu lugar de residencia. No marco do plan, prevese a posibilidade de que as administracións autonómica e local acorden a implantación de novos servizos ou o incremento dos existentes, coa sinatura de convenios que materialicen a colaboración para establecer servizos de interese municipal, coñecidos como SIMU.

Deste xeito, é posible incrementar servizos en lugar de implantar cambios horarios ou modificacións de percorrido que afectarían aos usuarios dos servizos vixentes, como sucedería coa proposta de alterar os servizos Vilalba-As Pontes-Ferrol ou Burela-Ferrol.

A opción de activar un SIMU para dar resposta á demanda concreta de estudantes de ensino non obrigatorio de Moeche, San Sadurniño e Narón foi abordado xa en 2023. A Xunta incluso presentou unha análise inicial de percorrido e custo, pero non se produciron novos avances neste sentido.

Cabe lembrar que nesa área funciona outro medio de transporte público que pode dar resposta á demanda de mobilidade dese alumnado, como é o tren de ancho métrico de competencia estatal."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

O secretario xeral técnico

(ASINADO DIXITALMENTE)

Francisco Javier Abad Pardo

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/09/2024 14:26:20



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 12061
Data envío: 27/09/2024 14:26:21.555

CSV: B6P5T8B9J4W4N6H4W69Z
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 10189** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Paloma Castro Rey, e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre **"Sobre o incremento do canon de Sogama e as súas consecuencias, a procura dun consenso coa Fegamp para 2025 mediante unha comisión de traballo e a modificación do modelo de xestión de residuos "**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático** que ten o seguinte contido:

"Esta mesma cuestión foi contestada na sesión do Pleno celebrada o pasado 25 de setembro de 2024 pola conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, Ángeles Vázquez Mejuto, en resposta ás interpelacións 5103 e 5504.

Enlace ao vídeo do Pleno celebrado o pasado 25 de setembro de 2024:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=YzAzNGNhY2MtMTYzMj00ZmU1LWFkZDEtY2I2ZjZmYzRkNzhhh&start=9511>."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

O Secretario Xeral Técnico,

(Documento asinado dixitalmente)

Francisco Javier Abad Pardo

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/10/2024 10:21:29
Nº Rexistro: 12318
Data envío: 03/10/2024 10:21:29.161

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 03/10/2024 10:21:29

CSV: B6P5TRBQ403G6534426-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:


REXISTRO ELECTRÓNICO na data 03/10/2024 10:21:18



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/10/2024 10:21:19
Nº Rexistro: 12317
Data envío: 03/10/2024 10:21:19.521

CSV: B6PISURBGSWj0p0V0HZR-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

